



(F_PPU_20)

PREZO PÚBLICO POLOS SERVIZOS DAS ENSINANZAS PRESTADAS
NO CONSERVATORIO “MESTRE IBAÑEZ” E
ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA E DANZA

HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
27/12/2007	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	299	01/01/2008
11/12/2008	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	291	19/12/2008
24/05/2012	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	124	31/05/2012
17/12/2015	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	294	23/12/2015

SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaríanse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ informatica@concellodemonforte.com 🌐 www.monfortedelemos.es 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

INDICE

ARTIGO -1- OBXECTO	3
ARTIGO -2- OBRIGACIÓN DE PAGO	3
ARTIGO -3- OBRIGADOS AO PAGO	3
ARTIGO -4- CONTÍA DOS PREZOS PÚBLICOS.....	3
a) Conservatorio	3
b) Escola Municipal de Música e Danza	3
ARTIGO -5- NORMAS DE XESTIÓN	3
ARTIGO -6- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS	4
DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA	4
DISPOSICIÓN FINAL	4



ARTIGO -1- OBXECTO

Constitúe o obxecto deste prezo, a prestación polo Concello de Monforte de Lemos dos servizos de ensinanza da música no Conservatorio e nas escolas municipais.

ARTIGO -2- OBRIGACIÓN DE PAGO

A obriga de pago do prezo público nace coa iniciación da prestación do servizo, que será o momento en que se formalice a correspondente matrícula.

ARTIGO -3- OBRIGADOS AO PAGO

Estarán obrigadas ao pago do prezo as persoas que soliciten o servizo para as persoas beneficiarias do mesmo.

ARTIGO -4- CONTÍA DOS PREZOS PÚBLICOS

1. A contía será a fixada nas tarifas seguintes:

a) Conservatorio

Matrícula Grao Elemental	222,85 €
Matrícula Grao Profesional	297,14 €
Materia solta	74,28 €
Tarifa trimestral para alumnos do Conservatorio	61,90 € / trimestre
Probas de acceso alumnos Escolas Municipais de Monforte	43,33 €
Probas de acceso resto alumnos	61,90 €
Iniciación	111,43 €

b) Escola Municipal de Música e Danza

Tarifa fase (unha modalidade)	20,00 € /mes
Custo adicional por cada modalidade a maiores	10,00 € /mes

As tarifas anteriormente sinaladas engadiránselles, no seu caso, as taxas ou prezos públicos que poida fixar, no uso da súa competencia, a Comunidade Autónoma e que baixo ningún concepto se considerarán ingresos deste Concello.

ARTIGO -5- NORMAS DE XESTIÓN

1. O prezo por matrícula no Conservatorio esixirase en réxime de autoliquidación.
2. Cando se presente a solicitude de inscrición para a utilización dos servizos do Conservatorio, se presentará debidamente cumprimentado o impreso de autoliquidación do prezo
3. O ingreso do prezo de matrícula ordinaria poderá fraccionarse en tres períodos de acordo co seguinte:
 - a) Primeiro ingreso: o formaliza-la matrícula e polo 35% do seu importe.
 - b) Segundo ingreso: no mes de novembro e polo 30% do seu importe.
 - c) Terceiro ingreso: no mes de marzo e polo 35% do seu importe.

Nos supostos b) e c) anteriores, o Concello emitirá o correspondente recibo, que se cargará na conta corrente do obrigado ao pago e polo importe que corresponda.

4. Os prezos das tarifas trimestrais, realizarase mediante a emisión de recibos. Estes cargaranse nos meses de decembro, abril e xuño, e cargaranse na conta corrente do obrigado ao pago.
5. O cobro das tarifas por Probas de Acceso, realizarase mediante Autoliquidación.

6. Os alumnos deberán facer constar inescusablemente no impreso de matrícula , o número de conta corrente
7. O impago de dous dos prazos suporá para o alumno a anulación da matrícula, con perda das cantidades xa abonadas e tódolos demais dereitos que lles puideran corresponder.
8. O cobro das tarifas por Escolas Municipais realizarase mediante a emisión de recibos mensuais, que se cargarán na conta corrente do obrigado ao pago. O impago de dúas cotas suporá a anulación da inscrición, con perda das cantidades xa aboadas e tódolos demais dereitos que lles puideran corresponder.

ARTIGO -6- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Non se recoñecerá beneficio tributario algún, salvo os previstos na presente ordenanza e os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais, ou os expresamente previstos en normas con rango de Lei.
2. Os matriculados membros de familia numerosa terán dereito á redución dos prezos
3. Os alumnos do Conservatorio acreditarán o seu dereito de bonificación acompañando ao impreso de autoliquidación os seguintes documentos: copia compulsada do título de familia numerosa en vigor.
4. Os alumnos das Escolas de Música e Danza deberán acreditar a súa condición de membro de familia numerosa no momento da inscrición.
5. Os alumnos da Escola de Música e Danza, integrantes de grupos municipais de música ou danza, que a petición do Concello participen de forma voluntaria en actuacións en días non lectivos, terán unha bonificación nas tarifas do 50%, previo informe emitido polo do Director/a da Escola

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto neste acordo, estarase ao disposto na Ordenanza Xeral de Prezos Públicos.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente prezo, que se aprobou provisionalmente polo Pleno do día 8 de novembro de 2007 definitivamente polo Pleno do Concello do día 27 de decembro de 2007 e publicado no BOP da provincia de Lugo núm. 299 do día 31 de decembro de 2007. Entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2008, e seguirá vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Modificado pola Xunta de Goberno Local do día 11 de decembro de 2008 e publicada no BOP de Lugo núm. 291 de 19 de decembro de 2008.

Modificado pola Xunta de Goberno Local de 24 de maio de 2012 e publicada no BOP de Lugo núm. 124 de 31 de maio de 2012.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 26 de outubro de 2015, e aprobada definitivamente polo Pleno de 17 de decembro de 2015 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 de 23 decembro de 2015.

Monforte de Lemos, febreiro 2016



O Alcalde, José Tomé Roca